

Os socialistas de Meira denuncian que “a incompetencia xestora do alcalde” se traduce no recorte de prestacións básicas para os veciños

Como exemplos citan a fonte pública da Praza Maior, que resultou danada a consecuencia dun accidente de tráfico acontecido no mes de agosto, e que aínda non foi arranxada, así como as deficiencias do alumeadado público

Antonio de Dios, acompañado do secretario Provincial, responsabiliza desta “deixación de funcións” ao alcalde, quen xa “foi amonestado publicamente polo ministro Montoro, aconsellándolle, en novembro, que non se presente como candidato ás eleccións pola pésima xestión das arcas públicas”

MEIRA, 31 DE XANEIRO DE 2015.- O secretario Provincial –Juan Carlos González Santín-, convidado polo voceiro do PSdeG-PSOE de Meira –Antonio de Dios- comprobou in situ a “deixación de funcións do alcalde deste municipio”, e que se demostra no “notable deterioro” que presentan algunhas das instalacións públicas do núcleo urbano. Como exemplo, González Santín, acompañado de Antonio de Dios, comprobou como a fonte pública da Praza Maior, que resultou danada a consecuencia dun accidente de tráfico acontecido no mes de agosto, aínda non foi arranxada.

“Estamos en Meira porque, alertados polo noso compañeiro, vimos observando como a escasa actuación do concello é un feito visible e constatable. Sen dúbida, é unha mágoa que este desleixo provoque unha mala imaxe desta zona tan emblemática, que, ademais, é a presentación da vila a canto turista nos visita”, afirma o dirixente dos socialistas lucenses.

Alumeadado deficitario

Outro exemplo do “desinterese” do Goberno local é o acontecido, segundo explicou de Dios, co alumeadado de Nadal. E é que, durante as datas navideñas a Praza “tamén se viu privada” deste servizo a partires das oito da tarde e o rexedor nin tan sequera intentou xestionar unha colaboración cos comerciantes da zona para intentar solventar a súa falta e dotar de iluminación da Praza e a Igrexa.

Por este motivo, o voceiro do PSOE atribúe estas deficiencias á “incompetencia xestora” do rexedor, e que se traduce “nun recorte claro de prestacións básicas e necesarias para os veciños”. “Non entendemos como non hai diñeiro para o alumeadado e que si o haxa para retribuír dobremente ao alcalde”. E é que, destaca de Dios, o rexedor “está percibindo un salario do SERGAS e unha asignación próxima aos 15.000 euros anuais por dedicación do concello. É dicir, que, por unha banda, se castiga aos veciños con menos servizos e, pola outra, non se escatima en que o alcalde cobre por dous lados. Estas son as prioridades do Partido Popular”, denuncia.

“Amonestado publicamente”

Dende un punto de vista interno, subraiou o socialista, “pouca competencia xestora” demostra dirixente local cando “xa foi amonestado publicamente polo seu compañeiro de Partido, o ministro Montoro, aconsellándolle, tal e como recollen o medios o 17 de novembro de 2014, que non se presente como candidato a alcalde pola súa pésima xestión do concello”. E que Meira, segundo fixo público o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, é un dos 24 concellos galegos que incumpe a Lei de Estabilidade Presupostaria, a que fixa os límites do gasto da administración local.